

8 Alicia no país das marabillas



Á beira do río, Alicia escoutaba a historia que a súa irmá lle lía.



—Estame pegando o sonol —dixo Alicia.

Ao que pechou os ollos, viu pasar un coello branco ás carreiras.

—A onde vas? —preguntouelle Alicia.

—Chego tarde! A raiña vaime cortar a cabeza! —respondeu o coello.

Intrigada, seguiuno ata o seu toblo e ao se asomar... alá foi! Xa dentro, Alicia percorreu un corredor que a conduciu ata unha porta.



A través da pechadura viu un fermoso xardín... Alicia devencia por estar alí! E case o conseguiu bebendo dun frasquiño que a fixo pequeniña.

Pero se o líquido marabilloso que atopou no frasquiño podía reducir o seu tamaño, o pastel que comeu xusto despois converteuna nunha xigante... ata chegou a bater coa cabeza no teito!

O coello asustado, fuxiu dela e, na carreira, perdeu o abano que levaba.



Alicia, a piques de afogar nas súas propias bágoas, deuse aire co abano e volveu ser pequerrechiña.

No mar de bágoas que ela creara na sala, atopou outros naufragos: un rato, un pato... Eles axudárona para que lograra chegar á beira. Botou a andar e deu coa casa do coello. Entrou, bebeu dunha botella e volveu converterse nunha xigante.

O coello e os veciños guindáronlle pedras, que se convertían en pastéis; ao comedelos encolleu e pudo saír da casa.

Camiñando pola fraga conóceu unha eiruga, unha duquesa e un gato misterioso. Ao fin descubriu a porta que comunicaba co xardín da Raíña de Corazóns.

—E ti quén es? —preguntouelle a raíña.

—Son Alicia...estou farta de ser ananiña...xigante...ananiña...

—Para, para...! Eu non son culpable. Que lle corten a cabeza!

Cando xa a ían prender, espertou á beira do río. Agora tiña un soño que lle contar á súa irmá Ana:

A súa viaxe polo país das marabillas.